



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2025-9

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

30 de Abril de 2025

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:06

Hora de Finalización

10:27

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

LUCIA GIL CID
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

MEMBROS AUSENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS :

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 23.04.2025 (ACTA 2025/8)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. CERTIFICACION NUM. 1, LIQUIDACION DA OBRA "PAVIMENTACION RUA OS ESPEREIROS, EN GONDULFES", OBRA DO PLAN COOPEROU 2025.

O Sr. Alcalde inicia o tratamento deste punto da Orde do día, lembrando que de acordo coas **Bases** para a elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de **2025**, (**BOP núm. 245, do 20.12.2024**), foi a **Xunta de Goberno**, na súa **sesión do 15.01.2025** quen acordou solicitar da Deputación os diferentes investimentos e actuacións a realizar por parte do Concello con cargo ao devandito Plan.

Polo que respecta ao programa de investimentos, unha das dúas actuacións aprobadas é:
Denominación: **Pavimentación Rúa Os Espereiros, en Gondulfes.**

Orzamento total **23.295,00 euros.**

Achega provincial: **23.295,00 euros.**

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.1, liquidación**, de data 28 de abril de 2025, da devandita obra de "**Pavimentación Rúa Os Espereiros, en Gondulfes**" financiada pola Deputación Provincial de Ourense, por un importe total de **23.295,00 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Juan Carlos Mangana Losada**,





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

arquitecto Colexiada núm 2.172, do COAG.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación núm. 1, liquidación** de data 28 de abril de 2025, da devandita obra de "**Pavimentación Rúa Os Espereiros, en Gondulfes**" financiada pola Deputación Provincial de Ourense, por un importe total de **23.295,00 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Juan Carlos Mangana Losada**, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar a factura**:

- **Núm. A 51 de EXCAVE 2000, S.L. de data 28.04.2025**, correspondente a certificación núm 1, da obra "**Pavimentación Rúa Os Espereiros, en Gondulfes**", por importe de **23.295,00 euros**.

TERCEIRO. Declarar que se **cumplíu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; que o **importe certificado acada o 100 % da subvención** que se concedeu; e **declarar**, ademais, que na tramitación e **contratación** das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

CUARTO. Declarar que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización.

QUINTO. Declarar que na execución da actuación cumpríuse coas bases do Plan provincial para o exercicio **2025**

SEXTO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.

2º. ESTUDO DA REDE VIARIA MUNICIPAL REDACTADO AO ABEIRO DA RESOLUCION DE 19.02.2023 DO AGADER POLA QUE SE APROBA O PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2024-25 (EXPTE. PM24-0142)

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)**, de data **7 de maio de 2024**, dentro do **Plan de mellora de camiños de titularidade municipal 2024-2025 Plan Marco**, para a redacción dun Estudo integral da rede viaria municipal" cun orzamento detotal de 14.520,00 euros (IVE incluído) (**Expte. PM24-0142, código de procedemento MR701E**)

A continuación, pasa a dar conta ós presentes do documento chamado "Estudo do viario municipal do Concello de Castrelo do Val" que redactou a arquitecta M^a Cristina Sabariz Rúa





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

colexiada núm. 2963 do COAG

Examinado a mesma e atopado conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar e recepcionar o "Estudo do viario municipal do Concello de Castrelo do Val" que redactou a arquitecta M^a Cristina Sabariz Rúa ,colexiada núm. 2963 do COAG, nos termos nos que se atopa redactado.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas da súa aprobación e recepción a favor da adxudicataria do traballo; consecuentemente, **aprobar a factura:**

- **Núm. 03-25 de M^a Cristina Sabariz Rúa, de data 29.04.2025** correspondente á **segunda fase** do Estudio da rede viaria de De Castrelo do Val, por importe de **8.265,34 euros**.
(Lémbrese que a **Núm. 22-24 de M^a Cristina Sabariz Rúa, de data 04.12.2024** correspondente á **primeira fase** do Estudio da rede viaria de De Castrelo do Val, por importe de **5.894,66 euros**, xa foi aprobada en decembro de 2024)

TERCEIRO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa da axuda que se concedeu polo AGADER; como queira que:**

- **Tomouse razón na contabilidade** municipal da axuda descrita no encabezamento.
- **Cumpríuse a finalidade** para a que foi concedida a subvención.
- **O Concello non conta con ningunha outra subvención** concedida de calquera orixe e natureza para a mesma finalidade, agás a que se está a xustificar neste expediente
- **Cumpríuse coa normativa** aplicable en materia de **contratos do sector público**, en particular coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

